



Gabinete de prensa: Rúa Touro nº 21, 1º andar, 15704. Compostela  
981 554 147 / 649 541 773 / prensa@sindicatolabrego.com

Nota de prensa  
do SLG

11-09-2008

## O SLG DEMANDA PREZOS DIGNOS NA UVA DE CALIDADE DA D.O. MONTERREI

**NON ASINES CONTRATOS POR BAIXOS DOS 0'70 €/Kg a**

O SLG xunto cos produtores e produtoras, levamos demandando historicamente o contrato homologado para a DO de MONTERREI.

De cara a convocatoria da Mesa do Viño convocada pola Consellería de Medio Rural para mañá, venres 12 de setembro, o SLG queremos deixar clara a nosa postura.

O Sindicato Labrego Galego sempre valorou o contrato homologado como unha ferramenta que pode posibilitar unha estabilidade para os/as viticultores/as da Comarca, unha aposta clara cara a calidade dos noso viños e un alicerce para conseguir un relevo xeracional para o sector avalado pola garantía de venda da produción que suporía a estabilidade do contrato no sector. Tendo sempre presente que o prezo que se fixe no contrato para as uvas ten que permitirnos aos viticultores/as vivir dignamente do noso traballo.

Dende esta perspectiva o SLG levamos todo o ano mantendo contactos co sector elaborador de cara a acordar uns prezos xustos para as nosas uvas de calidade.

Sabemos que os prezos que propoñemos son os máis baixos de tódalas denominacións de Orixe do País, pero estamos dispostos a facer un esforzo na procura de normalidade e estabilidade no sector.

Consideramos inxusta e inadmisíbel a pretensión dalgunhas adegas de mercar o kg de uvas de variedades preferentes e de calidade partindo de 0'50 € (o mesmo que se acordou para o Palomino no Ribeiro) , cando na maior parte dos casos ese viño se pon no mercado por riba dos 5 €.

A situación resulta aínda mais grave por atoparnos ás portas dunha vendima escasa, cun 35 % menos de previsión de colleita.

Dende o SLG pedimos os/as viticultoras/os da comarca que non asinen contratos por baixo dos 0'70 €/kg.

■ Expoñemos a proposta de prezos presentada ás adegas

CONTRATO HOMOLOGADO	
PROPOSTA DE PREZOS, graduación prezo/kg :	
MENCIA -11°/11'5° - 0'65€.....	11'5°/12° - 0'70€.....12'1°/12'6° - 0'75 €.....12'7°/13'6° - 0'80 €
ARAUXA -11°/11'5° - 0'65€.....	11'5°/12° - 0'70 €.....12'1°/12'6° - 0'75 €...12'7°/13'6° - 0'80 €.
DONA BRANCA - 10'5°/11'5° - 0'50 €...	11'5°/12° - 0'60 €...12'1°/12'6° - 0'65 €
GODELLO - 11°/11'5° - 0'65€.....	11'5°/12° - 0'70 €.....12'1°/12'6° -- 0'75 €.....12'7°/13'6° - 0'80 €
TREIXADURA - 11°/11'5° - 0'65€....	11'5°/12° - 0'70 €....12'1°/12'6° -- 0'75 €.....12'7°/13'6° - 0'80 €

Moitas grazas pela vosa atención.

Saúdas do Gabinete de Comunicación do **Sindicato Labrego Galego**

OBTERÁN MÁIS INFORMACIÓN CONTACTANDO CON

Charo Sánchez, responsábel comarcal, tlf: 669 651 700  
Lolo Docampo, responsábel do sector viño, 686 304 088